



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES DE MONTERROSO
DEPARTAMENTO DE MÚSICA
DATA: 12-04-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	<p><u>Cálculo da nota da 1ª avaliación na ESO:</u> Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado. Un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas). O 30% restante, exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.</p> <p><u>Cálculo da nota da 1ª avaliación en BAC:</u> Un 50% corresponderá á nota do exame, ou á media das probas escritas trimestrais. Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración de traballos escritos ou orais propostos polo/a profesor/a da materia relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais en base ó grao mínimo de consecución dos estándares. O 20% restante corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa do/da alumno/a na aula. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración do esforzo e dedicación do alumnado cara á materia.</p> <p><u>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación na ESO:</u> A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente. Farase unha proba a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes. O/A alumno/a deberá presentar os traballos propostos polo profesor/a como repaso da avaliación non superada. Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.</p> <p><u>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación en BAC:</u> A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha final no mes de maio para aqueles/as alumnos/as que non superen a media final positiva da materia.</p>
2º Avaliación	<p><u>Cálculo da nota da 2ª avaliación na ESO:</u> Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado. Un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas). O 30% restante, exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares. O</p>

	<p>redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.</p> <p><u>Cálculo da nota da 2ª avaliación en BAC:</u> Un 50% corresponderá á nota do exame, ou á media das probas escritas trimestrais. Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración de traballos escritos ou orais propostos polo/a profesor/a da materia relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais en base ó grao mínimo de consecución dos estándares. O 20% restante corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa do/da alumno/a na aula. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración do esforzo e dedicación do alumnado cara á materia.</p>
	<p><u>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación na ESO:</u> A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente. Farase unha proba a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes. O/A alumno/a deberá presentar os traballos propostos polo profesor/a como repaso da avaliación non superada. Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.</p> <p><u>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación en BAC:</u> A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha final no mes de maio para aqueles/as alumnos/as que non superen a media final positiva da materia.</p>
<p>3º Avaliación</p>	<p><u>Cálculo da nota da 3ª avaliación na ESO:</u> Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado. Un 40% dividirase entre as distintas probas (escritas ou prácticas). O 30% restante, exercicios de ritmo ou traballos de clase, relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ao grao mínimo de consecución dos estándares. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do/a profesor/a e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.</p> <p>Para o cálculo da nota da 3ª avaliación efectuarase a media das tres avaliacións e o resultado será un número enteiro sen decimais e polo tanto sen facer redondeo.</p> <p><u>Cálculo da nota da 3ª avaliación en BAC:</u> Un 50% corresponderá á nota do exame, ou á media das probas escritas trimestrais. Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración de traballos escritos ou orais propostos polo/a profesor/a da materia relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais en base ó grao mínimo de</p>

	<p>consecución dos estándares. O 20% restante corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa do/da alumno/a na aula. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración do esforzo e dedicación do alumnado cara á materia.</p> <p>Superar a 3ª avaliación ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións e que a nota media destas sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta a media das tres avaliacións, así como a tendencia das cualificacións ao longo do curso, ademais dos aspectos actitudinais dos criterios de cualificación. No caso en que a única avaliación aprobada sexa a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso, valorada cos estándares correspondentes, sexa positiva. No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude durante o curso, valorada cos estándares correspondentes, sexa negativa.</p> <p>Cando haxa decimais no resultado redondearase a nota, se a cifra dos decimais e 5 ou superior aumentarase unha unidade e no caso contrario non se aumentará.</p>	
	<p><u>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación na ESO:</u></p> <p>A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente. Farase unha proba a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes. O/A alumno/a deberá presentar os traballos propostos polo/a profesor/a como repaso da avaliación non superada. Os contidos prácticos (ritmo, instrumental) poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.</p> <p><u>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación en BAC:</u></p> <p>A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha final no mes de maio para aqueles/as alumnos/as que non superen a media final positiva da materia.</p>	
<p>Cualificación final</p>	<p>Para a obtención da cualificación final procederase realizando un redondeo á alza, ata o número enteiro superior, da nota con decimais obtida na 3ª avaliación. Este redondeo efectuarase se procede (ao criterio do profesor e tendo en conta o esforzo na realización das tarefas, a dedicación do/da alumno/a cara á materia así como unha asistencia regular a clase entre o 6 e 22 de xuño).</p>	
<p>Proba extraordinaria para BAC</p>	<p>Consistente en: Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos mínimos dos tres trimestres. A proba valorarase sobre 10 puntos. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de</p>	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022</p>	<p>PÁXINA 4 DE 7</p>	

	equidistancia, ao superior.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia de música pendente.
	Non hai alumnado coa materia de música pendente.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)	
Metodoloxía	<p>Partir da competencia inicial do alumnado.</p> <p>Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades.</p> <p>Potenciar as metodoloxías activas: combinar traballo individual e cooperativo.</p> <p>A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.</p> <p>A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.</p> <p>Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.</p> <p>Uso habitual das TIC.</p> <p>Papel do/a profesor/a como facilitador/a do proceso de aprendizaxe.</p>
Actividades tipo	<p>Práctica musical.</p> <p>Audición e visionado.</p> <p>Memorización comprensiva.</p> <p>Indagación e investigación sobre compositores, documentos, textos, partituras, prensa, gravacións, vídeos, cuestionarios.</p> <p>Elaboración de resumos, esquemas, mapas conceptuais comentarios de textos, liñas cronolóxicas...</p> <p>Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos gráficos, mapas, táboas de datos, partituras...</p> <p>Elaboración de esquemas, cadros de resumos, liñas cronolóxicas.</p> <p>Realización de traballos de ampliación a partires de contidos impartidos na clase, para presentación oral ou escrita. Realización de cuestionarios.</p>

	Lectura e práctica rítmica, instrumental ou vocal (con imitacións, pregunta-resposta...).
Materiais e recursos	Edixgal na ESO Fichas de teoría e linguaxe musical, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado pola profesora na clase ou estará a disposición do alumnado na aula virtual. Soportes informáticos: videos de diferentes épocas e estilos da aula virtual ou Edixgal sobre os distintos temas tratados. Caderno do alumno. Aula virtual.
2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)	
Metodoloxía	Non procede.
Actividades tipo	Non procede.
Materiais e recursos	Non procede.
2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)	
Metodoloxía	Partir da competencia inicial do alumnado. Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades. Potenciar as metodoloxías activas: combinar traballo individual e cooperativo. A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación. A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada. Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. . Uso habitual das TIC. Papel do/a profesor/a como facilitador/a do proceso de aprendizaxe.
Actividades tipo	Audición e visionado. Memorización comprensiva. Indagación e investigación sobre compositores, documentos, textos, partituras, prensa, gravacións, vídeos.
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022	PÁXINA 6 DE 7

	<p>Elaboración de resumos, esquemas, mapas conceptuais comentarios de textos, liñas cronolóxicas.</p> <p>Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos gráficos, mapas, táboas de datos, partituras...</p> <p>Elaboración de esquemas, cadros de resumos, liñas cronolóxicas.</p> <p>Realización de traballos de ampliación a partires de contidos impartidos na clase, para presentación oral ou escrita. Realización de cuestionarios.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas de teoría e linguaxe musical, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado polo/a profesor/a na clase ou estará a disposición do alumnado na aula virtual.</p> <p>Soportes informáticos: videos de diferentes épocas e estilos da aula virtual sobre os distintos temas tratados.</p> <p>Caderno do alumno/a.</p> <p>Aula virtual.</p>